

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE XUÑO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, en funcións, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local en funcións, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 1 de xuño de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE OBRAS.- Acordouse proceder á rectificación de erro no acordo número 10/319 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do día once de maio de 20011, polo que se concedía licenza para reforma de vivenda unifamiliar con licenza de obras número 942/06, sita na rúa Cántigas e Frores, número 15, parcela l-3, polígono Augas Férreas;

Acordouse desestimar a petición de silencio administrativo positivo na solicitude formulada para instalación de monoposte para marquesiña publicitaria na avda. Benigno Rivera.

Así mesmo, acordouse conceder licenza para as seguintes actuacións: para o parcelamento do predio matriz sito en solo urbano, na avda. Benigno Rivera esquina avda. Infanta Elena, cunha superficie de 8.163,75 m², en catro parcelas independentes coas seguintes superficies: parcela segregada 1 de 2.125,48 m²; parcela segregada 2 de 2.215,22 m²; parcela segregada 3 de 1.548,85 m² e parcela segregada 4 de 2.274,20 m², así como modificacións no edificio con licenzas números 1075/05 e 507/08, resultando: 4 edificios sobre

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refº: 11extractoxg26.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-6-2011

catro parcelas, apegados lateralmente os das parcelas 1 e 2 e en edificación illada sobre rasante nas parcelas 3 e 4, sendo o uso dos edificio de naves sen actividade específica; para a demolición de edificación sita na rúa San Roque, número 48; para reformas na distribución das vivendas de planta 1ª, 2ª e 3ª para instalación de ascensor e aumento de volume na denominada planta baixo cuberta onde se dispón uso de vivenda, no edificio con licenza número 257/72 de reforma e ampliación en dúas plantas, sito na rúa río Sil, número 3; instalación de ascensor en edificio existente sito na rúa Serra de Outes, número 60; instalación de ascensor no edificio con licenza número 386/73, sito en solo urbano, na rúa García Abad, número 11; construír unha vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Santa Engracia+Veiga+Vilamarce, parroquia de San Pedro de Santa Comba; para construción agrícola de apoio a explotación en Piúgos-Soñar, polígono 127, parcela 191; substitución de cuberta na vivenda unifamiliar illada, vinculada a explotación agrícola gandeira en Seoane-San Xoán do Alto; cambio de uso de local comercial a garaxe privado (grao 1º) en planta baixa de edificio existente con licenza anterior número 32/92, sito en solo urbano, rúa Esquíu, número 5; e legalización de obras, rehabilitación de vivenda no núcleo rural tradicional de Milleirós+Pacios, parroquia de Santiago de Meilán.

Acordouse denegar a licenza para a construción de edificio na Unidade de Actuación CN-19, parcela 7.

Acordouse conceder licenza de primeira utilización para o edificio sito na Estrada da Granxa 100, con licenzas de obra números 124/97 e 1143/00.

ÁREA DE ALCALDÍA

2. ASESORÍA XURÍDICA.- Acordouse executar a sentenza ditada no recurso Contencioso Administrativo 625/07, en relación co expediente de responsabilidade patrimonial (R 46/06) polos danos persoais causados por unha caída na rúa san pedro.

Lugo, 6 de xuño de 2011

O CONCELLEIRO-SECRETARIO EN FUNCÍONS,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García